

A LUS DO MUNDO

ROTEIROS GUIADOS DO IES POETA DÍAZ CASTRO

Moi boas, permitide que nos presentemos, somos o alumnado do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz. Levamos anos traballando coa figura do poeta que dá nome ó noso Instituto e tralas Letras Galegas de 2014 preparamos uns roteiros para recibir visitas e amosar o mundo do poeta –que en boa parte é tamén o noso mundo– a quen quixese coñecelo.

Os roteiros son dous: A FÁBRICA DE POETAS e UN NENO DE ALDEA. O primeiro é un roteiro literario pola vila de Guitiriz e o segundo, unha visita guiada polo mundo rural no que naceu Díaz Castro, a aldea do Vilariño dos Cregos. Nos dous casos os roteiros inclúen actividades didácticas propostas polo profesorado do centro e que nós axudamos a transformar en xogos mentras nos formabamos como guías ou responsables de loxística e comunicación.

Estes roteiros representan unha educación aberta e participativa na que as leccións saen do aula implicando a toda a comunidade. Por iso queremos que veñades, para compartir convosco esta experiencia diferente de aprendizaxe.



A continuación tedes tódolos detalles sobre os roteiros. Tamén podedes ver o noso traballo sobre o poeta en alusdomundo.com e seguirmos nas redes sociais. Calquera dúbida podedes resolvela chamando ó centro: 982 370 026 ou escribíndonos ó ies.diaz.castro@edu.xunta.es

Un saúdo e vémonos en Guitiriz!

UN NENO DE ALDEA

ROTEIRO POLO VILARIÑO DOS CREGOS

Xosé María Díaz Castro naceu en 1914 no Vilariño dos Cregos. Alí aprendeu a ler e escribir descubrindo o mundo rural que tan presente está na súa obra. A aldea ten cambiado pouco dende entón e podedes coñecela con este roteiro didáctico sobre o rural creado no IES Poeta Díaz Castro e guiado polo alumnado.

Na visita hai actividades de botánica, arquitectura popular, xogos tradicionais, escolarización, poesía, etcétera. Todas están plantexadas dende un punto de vista lúdico para que sexa unha experiencia diferente para os nosos visitantes e lles permita coñecer dende outro ángulo o mundo rural contado polos propios rapaces e rapazas que viven nel.



- CONTIDOS: Bioloxía, Historia, Matemáticas, Educación Física
- CURSOS: Actividade destinada preferiblemente a 1º ciclo ESO
- DURACIÓN ACTIVIDADE: 2,5 horas
- CAMIÑAMOS: 2 km en total, dentro da aldea, sen coches
- ROUPA: Actividade ó aire libre no campo, calzado e roupa para camiñar

- PUNTO DE ENCONTRO: [IES Poeta Díaz Castro](#)
- DESTINO: [Vilariño dos Cregos](#)
- ESPERA E XIRO DO BUS: [Buriz](#)
- ROTEIRO VERSIÓN WEB: [Roteiro polo Vilariño](#)
- FOTOS ACTIVIDADE: [Facebook](#)

A FÁBRICA DE POETAS

ROTEIRO POLO GUITIRIZ DE DÍAZ CASTRO

Xosé María Díaz Castro regresou a Guitiriz unha vez xubilado para reencontrarse coa súa patria poética, a chaira lucense, terra de escritores que marcaron a literatura galega. Este roteiro propón un percorrido pola vila para achegarnos dunha maneira diferente á obra de Díaz Castro e ó seu contexto literario.

Cada parada da visita está adicada a un aspecto da creación poética: o léxico, os referentes, a inspiración, a sonoridade... As actividades, creadas no IES Poeta Díaz Castro, son guiadas polo propio alumnado. O seu obxectivo é achegar o coñecemento dunha maneira lúdica sacando as aulas á rúa e co alumnado como protagonista da transmisión dese coñecemento.



- CONTIDOS: Literatura, lingua, expresión oral, educación física...
- CURSOS: Actividade destinada preferiblemente a 1º ciclo ESO
- DURACIÓN ACTIVIDADE: 4 horas (1 hora emprégase en camiñar)
- CAMIÑAMOS: 3 km
- ROUPA: Actividade ó aire libre na vila, calzado e roupa para camiñar

- PUNTO DE ENCONTRO: [IES Poeta Díaz Castro](#)
- DESTINO: [Vila de Guitiriz](#)
- ESPERA E XIRO DO BUS: IES Poeta Díaz Castro
- ROTEIRO VERSIÓN WEB: [Roteiro por Guitiriz](#)
- VÍDEO DO ROTEIRO: [Youtube](#)